

M E I S*Aprobación definitiva Proxecto de Urbanización*

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 16 de xaneiro de 2006, aprobou definitivamente o proxecto de urbanización presentado por Carballo Cocinas, S.A. en execución do plan parcial do solo industrial sito na paraxe de "As Covas" (Paradela).

O que se fai público ós efectos do artigo 141.4 do Regulamento de Planeamento Urbanístico.

Meis, 10 de febreiro de 2006.—O Alcalde, José Luis Pérez Estévez. **2006001620**

Convocatoria pública para a elección de Xuíz de Paz

De conformidade co disposto no artigo 101 e concordantes da Lei Orgánica do Poder Xudicial, anúnciase convocatoria pública para a provisión do cargo de Xuíz de Paz titular de Concello de Meis, conforme ás seguintes bases:

OBXECTO:

A provisión do referido cargo polo prazo legalmente establecido.

SOLICITUDES:

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Meis en horario de oficina durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da provincia.

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Certificado de nacemento e fotocopia compulsada do DNI.
- Xustificación dos méritos do solicitante.

CONDICIONS LEGAIS:

Ser español maior de idade; non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas para o desempeño de funcións xudiciais, agás actividades profesionais ou mercantis.

As causas de incompatibilidade sinaladas no artigo 389 de Lei Orgánica, operarán con posterioridade o nomeamento mediante opción efectuada polo nomeado.

Son causas de incapacidade: estar impedido física ou psiquicamente para a devandita función; estar condenado por delito doloso en canto non se obteña a rehabilitación, estar procesado ou inculcado por delito doloso en canto non se obteña a absolución ou sexa dictado auto de sobresemento, e non se atopar en pleno exercicio dos dereitos civís.

Meis, a 10 de febreiro de 2006.—O Alcalde, José Luis Pérez Estévez. **2006001604**

MOAÑA

Edicto sobre notificación e emprazamento no recurso contencioso administrativo Procedemento Ordinario nº 4487/2005 interposto ante a Sección 2ª da Sala do Contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Na Sección 2 da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, séguese recurso contencioso-administrativo que se sustancia no Procedemento Ordinario nº 4487/2005, interposto por D^a Elisa Santos Hermelo contra o acto de aprobación definitiva do Estudo de detalle da rúa Daniel Castelaio promovido por Promociones Pymouro S.L., de data 9 de maio de 2005.

Cumprimentando o ordenado polo citado Tribunal e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición Contencioso Administrativa, por medio do presente edicto emprazase aos interesados para que poidan comparecer e persoarse en autos, no prazo de nove días, ante a Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sito na Praza de Galicia s/n de A Coruña.

Moaña, 13 de febreiro de 2006.—O Alcalde, Xosé Manuel Millán Otero. **2006001603**

A N U N C I O

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 28 de decembro de 2005, aprobou definitivamente a ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación no Concello de Moaña.

De seguido, e de conformidade co artigo 70 da Lei de Bases de réxime local, transcríbese o texto íntegro da referida ordenanza municipal:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS CONDICIÓNS URBANÍSTICAS PARA A INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DE ELEMENTOS E EQUIPOS UTILIZADOS NA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE RADIOCOMUNICACIÓN NO CONCELLO DE MOAÑA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A liberalización do mercado das telecomunicacións e a evolución das novas tecnoloxías supuxo, nos últimos anos, unha proliferación das instalacións de servizos que utilizan as radiocomunicacións, en especial das relativas á telefonía móbil e radiotelevisión. Este feito, unido ao forte impacto que moitas delas teñen na paisaxe urbana, rural e natural e á carencia de normativa específica municipal, determinan a necesidade de regular as condicións de localización, instalación e funcionamento

destas e dos demais elementos e equipos de radio-comunicación dentro do que é competencia municipal, sen esquecer a adopción de certas cautelas en relación coa saúde dos cidadáns.

Díctase esta ordenanza de acordo coa habilitación legal de que dispón o Concello para exercer competencias en materias tales como a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística (artigo 25.2.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), o patrimonio histórico-artístico (artigo 25.2. e da LRBRL) e a protección do medio ambiente (artigo 25.2.f da LRBRL), ou a salubridade pública (art.25.2.h).

Así mesmo, o Concello de Moaña prestará colaboración e asistencia activas á Administración Xeral do Estado e á Xunta de Galicia naquelas cuestións que, relacionadas co disposto nesta ordenanza, deban realizarse fóra do seu ámbito de competencias.

Esta ordenanza pretende regular non unicamente as instalacións actuais de soporte á telefonía móbil ou outros elementos de radiocomunicación, senón tamén outras tecnoloxías que poidan substituír a estas no futuro e que suporán un incremento no número de instalacións respecto ao sistema actual. Neste sentido, a administración ten que promover aquelas infraestructuras que producen un menor impacto visual e ambiental sobre o medio.

En definitiva, a ordenanza municipal debe servir para impoñer os parámetros fundamentais da relación entre o Concello de Moaña e os operadores de telecomunicacións, en canto á instalación de elementos de radiocomunicación, tanto en bens de titularidade pública como en bens de titularidade privada.

Sen prexuízo da regulación urbanística municipal contida nesta ordenanza, será plenamente aplicábel e de obrigado cumprimento a normativa sectorial específica reguladora do sector das telecomunicacións constituída na actualidade basicamente pola Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións, así como polo Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.

TÍTULO I DISPOSICIONS XERAIS

CAPITULO I OBXECTO E FINALIDADE DA ORDENANZA

ARTIGO 1. OBXECTO

1.—Esta ordenanza ten por obxecto regular as condicións urbanísticas ás que debe someterse a localización, instalación e funcionamento dos ele-

mentos de equipos de telecomunicación no termo municipal de Moaña susceptibles de xenerar campos electromagnéticos nun intervalo de frecuencia entre 0 Hz a 300 Hz, a fin de compatibilizar a funcionalidade de tales elementos e equipos coa utilización polos usuarios dos servicios de telecomunicacións cos niveis de calidade requeridos coas esixencias de preservación da paisaxe urbana e natural e de minimización da ocupación e o impacto que a súa implantación poida producir no territorio.

2.— É finalidade desta Ordenanza adoptar as medidas oportunas para garantir a protección da saúde ante posibles consecuencias que as ondas electromagnéticas, ou o mal funcionamento das instalacións poidan ocasionar sobre a mesma; a armonización do despliegue das redes de radiocomunicación con finalidade de protección medioambiental; a integración das estacións base de telefonía móbil e outras instalacións de radiocomunicacións no entorno urbanístico e territorial.

CAPITULO II CONDICIÓN XERAIS DE IMPLANTACIÓN

ARTIGO 2. NORMAS XERAIS

A instalación de infraestructuras de telefonía móbil accesibles ao público e outros servicios de telefonía pública, antenas e infraestructuras de radiodifusión e televisión, de comunicacións públicas e privadas e radioenlaces, así como a localización e instalación de antenas receptoras de sinais de radio difusión sonora e televisión, terrenais e por satélite ten que estar expresamente autorizado polo Concello de Moaña, e estará suxeito as condicións que se establezcan nesta Ordenanza. Calquera outra instalación de telecomunicación non regulada expresamente nesta ordenanza axustarase ás disposicións que se determinan para as instalacións de características morfolóxicas ou funcionais análogas.

Non se permitirán estas instalacións sobre espazos especialmente sensíbeis, tales como escolas infantís, centros educativos, hospitais, centros de saúde, residencias geriátricas, etc ao redor dos cales se establece unha zona de cautela, nun radio de 100 metros na cual se prohíbe a instalación destes equipos.

Con carácter xeral prohíbese calquer instalación de telecomunicacións en fachadas de edificios, salvo as excepcións contempladas nesta Ordenanza

Procurarse a utilización ou uso conxunto dunha mesma instalación por varias operadoras de telefonía móbil, sempre que tal uso minimize o impacto xeral e non supoña menoscabo do articulado desta ordenanza.

A implantación ou modificación dos elementos e equipos de : antenas, estacións base, radioenlaces, e calquer outro tipo de instalacións destinadas a

prestar o servicio de telefonía móbil, requirirán a aprobación dun Plan de Implantación, que contemple as necesidades de cobertura dentro do termo municipal e no que xustificarán as solucións propostas, buscando fundamentalmente o compartir o uso.

Non se permitirán instalacións en edificios catalogados con nivel de protección monumental, nin en lugares próximos que de forma significativa poidan afectar o seu entorno

ARTIGO 3. MINIMIZACIÓN DO IMPACTO VISUAL

1.—As instalacións previstas nesta ordenanza deberán ter o menor tamaño e complexidade e permitir así a máxima redución do impacto visual, conseguindo o adecuado mimetismo coa paisaxe arquitectónica urbana.

2.—As instalacións deberán respectar, tanto pola súa composición e cor como polos materiais a empregar, o carácter do lugar en que se coloquen e do ambiente en que se sitúen. Para iso, adoptaranse as medidas necesarias prescritas polos servicios técnicos municipais competentes para atenuar ao máximo o posíbel impacto visual e conseguir a adecuada integración co medio.

ARTIGO 4. INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN

Na tramitación da licenza de nova instalación o Concello garantizará a participación do público, durante un periodo de tempo adecuado, a fin de que poidan aportar cantas consideracións estimen oportunas.

O Concello, con independencia ou en coordinación coa administración estatal pondrá a disposición da poboación toda aquela información non confidencial, da que dispoña, que lles permita coñecer o estado das redes de telecomunicación instaladas, especialmente no que se refire a niveis de exposición a campos electromagnéticos ao que se ven sometidos.

TÍTULO II

INSTALACIÓNS PERTENCENTES A REDES DE TELEFONÍA MÓBIL, TELEFONÍA FIXA CON ACCESO VÍA RADIO E CENTRAIS DE CONMUTACIÓN

CAPÍTULO I

ESTACIÓN BASE SITUADAS SOBRE CUBERTAS DE EDIFICIOS

ARTIGO 5. CONDICIÓNS DA INSTALACIÓN

Para a instalación de estación base sitas sobre as cubertas dos edificios adoptaranse con carácter xeral as medidas necesarias para reducir o máximo os impactos ambientais e visuais cumpríndose en calquera caso as seguintes determinacións:

- a) As instalacións estarán recuadas, a lo menos 2,5 metros dos planos de fachada nas edificacións reguladas por aliñacións oficiais, e 1,5 metros nas edificacións non reguladas por aliñacións oficiais.
- b) A altura máxima de calque elemento ou parte da instalación sobre a liña de arranque dun plano inclinado, definido este concepto de acordo co establecido nas N.N.S.S. de Moaña, verá limitada polo seguinte cadro en función do número de plantas da edificación onde se situen con un máximo de 3,50 metros sobre o cumio da edificación:

Nº de plantas da edificación	Altura máxima da instalación sobre a liña de arranque do plano inclinado en edificacións reguladas por aliñacións oficiais
B + 1	NON ADMITIDAS
B + 2	5,00 METROS
B + 3	5,50 METROS
B + 4	6,00 METROS
B + 5 ou superior	6,50 METROS

- c) Non se permitirá este tipo de instalacións sobre as edificacións protexidas e/ou catalogadas por calquer instrumento de planeamento urbanístico.
- d) Para solicitude da correspondente licenza será necesario presentar xunto co proxecto de execución un estudio de impacto ambiental que xustifique a adecuación satisfactoria ó paisaxe urbán ou rural.

ARTIGO 6. INSTALACIÓN DE COLECTORES

Na instalación de recintos colectores vinculados funcionalmente a unha determinada estación base de telefonía situados sobre a cuberta de edificios ou construcións cumprírase as seguintes regras:

- a) Non serán accesíbeis ao público en xeral.
- b) En ningún caso a instalación comprometerá a seguridade estrutural do edificio nin a dos seus habitantes.
- c) A superficie da planta non excederá de 25 m² e a altura máxima será de 3 metros.
- d) Poderán estar situados nos locais da planta baixa do edificio, baixos porticados de uso privativo e baixo cuberta. A colocación do recinto colector sobre a cuberta permitirase en cubertas planas. Non se permitirá a súa instalación sobre as abas dunha cuberta inclinada nin sobre casetóns de ascensores.
- e) Tanto se se sitúan no baixo porticado como sobre cuberta apegaranse aos corpos construídos preexistentes, dotandoos de acabados exteriores idénticos aos destes e non excedendo a súa altura. Cando se sitúen sobre cu-

berta poñeranse a unha distancia mínima de 2,5 metros respecto ás fachadas do edificio tanto exteriores como ao patio de quinteiro ou espacios abertos.

- f) A situación do colector non dificultará a circulación necesaria para a realización dos traballos de conservación e mantemento do edificio ou das súas instalacións.
- g) A emisión de ruídos e aire de climatización axustarase aos parámetros establecidos nas ordenanzas municipais que estean en vigor cando se solicite a licencia.

CAPÍTULO II

INSTALACIÓN DE ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL SITUADAS SOBRE MASTROS OU ESTRUCTURAS SOPORTE APOIADAS SOBRE O TERREO

ARTIGO 7. LOCALIZACIÓNS AUTORIZADAS

1.—Sen prexuízo do disposto nos artigos seguintes, a instalación de antenas de telefonía móbil obxecto deste capítulo só será admisíbel nos lugares autorizados expresamente polo Concello de Moaña.

2.—Na súa instalación adoptaranse as medidas necesarias para atenuar ó máximo o impacto visual e conseguir a adecuada integración na paisaxe. Procurarase o emprazamento conxunto da totalidade das instalacións correspondentes ás diferentes compañías de telefonía dentro dun mesmo ámbito de influencia, os efectos de evitar e minimizar os impactos visuais e ambientais.

3.—A altura máxima total do conxunto formado pola antena e a súa estrutura soporte non excederá de 30 metros. Gardarán unha distancia mínima de 5 metros a calquera lindeiro de parcela.

4.—Neste tipo de instalacións terase en conta as distancias de protección que se fixan no Anexo II desta Ordenanza. No interior destas zonas non pode haber permanencia habitual de persoas, agás os profesionais adscritos as instalacións.

5.—No solo urbano só se autorizará estes equipos, cando exista a imposibilidade de cubrir o servizo dende outros puntos. As instalacións nesta zona analizarase co criterio máis restrictivo, reforzando as condicións de mimetismo, menor impacto visual, e uso compartido das instalacións xa existentes. Salvo nas zonas de polígonos industriais que permita o PXOM, prohibese con carácter xeral a instalación de antenas situadas sobre mástiles ou estruturas sobre este tipo de solo.

6.—En solo urbanizable poderanse autorizar en tanto non se proceda a redacción do correspondente planeamento e condicionando sempre a súa retirada no momento en que se proceda a aprobación

do correspondente instrumento de xestión, salvo que a instalación sexa compatible co planeamento.

7.—En solo rústico de protección ordinaria e solo rústico protexido non se autorizará a súa instalación con carácter xeral fóra das zonas autorizadas. Permitirase a súa instalacións no solo rústico protexido, nos lugares sinalados no artigo 16.2 xunto coa súa zona de afección, unha vez regularizada a súa situación dentro do Plan Xeral. Dita instalación realizarase sempre que non implique a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren

CAPÍTULO III

ESTACIONES DE TELEFONÍA FIXA CON ACCESO VÍA RADIO

ARTIGO 8. LOCALIZACIÓNS AUTORIZADAS

1.—Admítese a súa instalación na cuberta de edificios nos seguintes lugares:

- a) Sobre cubertas planas, excepto as de torres ou calquera outro elemento prominente da cuberta. As instalacións quedarán inscritas dentro do plano de 45º de inclinación trazado a partir da liña de cornixa na fachada exterior.
- b) Apoiadas sobre cubertas inclinadas con caída á parte oposta a fachadas exteriores, ou pegadas a paramentos de calquera elemento prominente da cuberta, cando non sexan visualmente perceptíbeis desde a vía pública. A altura das instalacións será a mínima imprescindible para a prestación do servizo.

En calquera caso, a altura do conxunto formado polo mastro e a antena non excederá de 3,5 metros. A distancia mínima da localización da antena ás liñas de fachadas exteriores será de 2,5 metros.

3.—Se se demostrase suficientemente a necesidade da instalación destas estacións en lugares distintos da cuberta de edificios, será de aplicación o previsto nesta ordenanza para as antenas de telefonía móbil.

CAPÍTULO IV

INSTALACIÓNS DE ANTENAS PERTENCENTES A CENTROS DE CONMUTACIÓN

ARTIGO 9. PRESCRICIÓN APLICÁBEIS

Dadas as características morfolóxicas e funcionais destes equipos, a súa instalación cumprirá segundo corresponda polas condicións da súa situación, as prescricións sinaladas nos artigos 15 e 16 desta ordenanza para as estacións emisoras, repetidoras e reemisoras dos servizos de radiodifusión sonora e de televisión.

CAPÍTULO V
INSTALACIÓN DE MICRO CÉLULAS
E OTRAS ANTENAS DE REDUCIDAS
DIMENSIONES

1.—A instalación de antenas de reducidas dimensiones podrán ser aconsellables naqueles casos en que se pretenda a minimización dos niveis de exposición en espacios considerados sensibles, ou a redución do impacto visual que produciría una nova estación base de telefonía.

2.—Será precisa unha única licencia de actividade para todas as antenas que formen parte da micro célula.

3.—Integrarase armonicamente na fachada e poderase, previo convenio autorizar a instalación de pequenas antenas sobre báculos de iluminación, columnas informativas, quioscos e calquer outro tipo de mobiliario.

TÍTULO III
EQUIPO DE RADIODIFUSION E TELEVISION

ARTIGO 10. CONDICIÓN DE INSTALACIÓN

O punto de situación das antenas ou pararraios conxugará o mellor emprazamento tendo en conta as condicións técnicas e a protección ambiental e visual do medio urbano ou rural.

ARTIGO 11. CONDICIÓN NO INTERIOR
DE EDIFICIOS

En calquera caso, as antenas receptoras de sinais de radiodifusión sonora e televisións terreais cumprirán coas determinacións establecidas no RD Lei 1/1998, de 27 de febreiro, sobre Infraestructuras comúns no interior de edificios para acceso a servicios de telecomunicacións, e regulamento RD 279/1999, de 22 de febreiro, sobre Infraestructuras comúns no interior dos edificios e actividade de instalacións de equipos e sistemas.

CAPÍTULO I
ANTENAS RECEPTORAS DE SINAIS
DE RADIODIFUSIÓN SONORA E TELEVISIÓN
TERREAIS E POR SATÉLITE

ARTIGO 12. CONDICIÓN DE INSTALACIÓN

1.—A instalación destas antenas cumprirá os seguintes requisitos:

- a) A instalación efectuarase de forma que se evite ou se reduza ao máximo a súa visibilidade desde a vía pública.
- b) Terán carácter colectivo, de acordo coa normativa de aplicación.

CAPÍTULO II
ANTENAS DE ESTACIÓN
DE RADIOAFECCIONADOS

ARTIGO 13. CONDICIÓN DE INSTALACIÓN
E LOCALIZACIÓN AUTORIZADAS

1.—A instalación de antenas de estacións de radioaficionados é admisíbel na cuberta de edificios, de forma que se evite ou se reduza ao máximo a súa visibilidade desde a vía pública. Tamén se admite a instalación destas antenas sobre o terreo en parcelas privadas, en zonas de vivenda unifamiliar ou de edificación aberta, sempre que se adopten as medidas necesarias para atenuar ao máximo o posíbel impacto visual co fin de conseguir a adecuada integración coa paisaxe.

CAPÍTULO III
ANTENAS DE ESTACIÓN DE
RADIOENLACES E RADIOCOMUNICACIÓN
PARA USO EXCLUSIVO DUNHA
SOA ENTIDADE

ARTIGO 14. CONDICIÓN DE INSTALACIÓN

Poderá admitirse a instalación de antenas pertencente a estacións de radioenlaces e radiocomunicacións para uso exclusivo dunha soa entidade, sempre que se cumpran as condicións que, en función da altura da correspondente antena e da súa estrutura soporte, se establecen nos artigos 15 e 16 desta ordenanza.

CAPÍTULO IV
ESTACIÓN EMISORAS, REPETIDORAS
E REEMISORAS DOS SERVICIOS
DE RADIODIFUSIÓN SONORA E TELEVISIÓN

ARTIGO 15. CONDICIÓN DE INSTALACIÓN
E LOCALIZACIÓN

A instalación de antenas pertencentes a estacións emisoras, repetidoras e reemisoras dos servicios de radiodifusión sonora e televisión e as súas estruturas de soporte é admisíbel sobre a cuberta dun edificio sempre que as condicións da súa situación e as medidas previstas para atenuar o impacto visual resulten adecuadas coas reguladas no artigo 5.

Así mesmo, deberanse cumprir, no que resulte de aplicación, os requisitos do artigo 26.

ARTIGO 16. INSTALACIÓN APOIADAS SOBRE
O TERREO: CONDICIÓN

1.—Este tipo de antenas poderá instalarse sobre o terreo sempre que se cumpran as seguintes regras:

Se a altura total da antena e a súa estrutura soporte non excede de 30 metros, poderá instalarse

nas condicións que se indican no artigo 7 desta ordenanza.

Se a altura total supera os ditos límites, será precisa ademais do sinalado no parágrafo anterior a xustificación expresa da necesidade da actividade na localización proposta. En todo caso deberán cumprir o especificado no artigo 32.2.

2.—Localízanse os seguintes enclaves en solo rústico protexido, constituído polos terreos onde están ubicadas instalacións e infraestructuras de comunicación e telecomunicación, e delimitase a súa superficie de ocupación para a súa posterior regulación:

LUGAR	PROPIETARIO	SUPERFICIE
Monte Pequeno	M.M.C.C. MOAÑA	R: 5 M
Monte Xestoso	M.M.C.C. MOAÑA	R: 5 M
Baixo Agudelo	M.M.C.C. MOAÑA	R: 5 M
Mte das Loureiras - Couso	M.M.C.C. MEIRA	R: 5 M
O Lourido	M.M.C.C. MEIRA	R: 5 M
Monte Faro	M.M.C.C. MEIRA-DOMAIO	R: 100 M
Coto do Home	M.M.C.C. DOMAIO	R: 5 M
Monte Cagavutre	M.M.C.C. DOMAIO	R: 5 M
Alto dos Candóns	M.M.C.C. DOMAIO	R: 5 M
Chan Dárquiña (Radio Popular)	M.M.C.C. DOMAIO	R: 15 M

Para estes efectos, o Concello resérvase o dereito de dispor de outras localizacións no seu termo municipal para este tipo de instalacións.

CAPÍTULO V

EQUIPOS DE RADIOCOMUNICACIÓN PARA A DEFENSA ESTATAL, A SEGURIDADE PÚBLICA, A PROTECCIÓN CIVIL E OUTROS SERVICIOS XESTIONADOS DIRECTAMENTE POLA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

ARTIGO 17. LOCALIZACIÓN AUTORIZADAS

Estas instalacións poderán localizarse sobre terreos, construcións e edificios cualificados para estes usos nas N.N.S.S., no Plan Xeral vixente ou en calquera outra localización consonte a normativa que resulte de aplicación.

TÍTULO IV

CABLEADO EN EDIFICIOS

ARTIGO 18. CONDICIÓNS

1.—Nos proxectos correspondentes ás obras de nova edificación ou de rehabilitación integral de edificios, o cableado pertencente a calquera das instalacións obxecto desta ordenanza realizárase sobre a rede de canalizacións prevista para a infraestructura común de telecomunicacións (ICT), cun deseño que se axustará á normativa específica de aplicación.

2.—Nos edificios existentes que non sexan obxecto de obras de rehabilitación integral e naque-

loutros que non contén cunha infraestructura común de telecomunicacións, o tendido de cableado discorrerá por espazos comúns do edificio, por patios de parcela, por patios de quinteiro ou por zonas non visibéis desde a vía pública. Non se autorizará a súa instalación pola fachada ou por espazos públicos abertos, coas excepcións que se sinalan no parágrafo seguinte.

3.—Excepcionalmente, e sempre que se respecte o establecido na normativa estatal que sexa de aplicación, poderá efectuarse o tendido por fachada ou espazos públicos ou abertos, sempre que este se disimule con efectividade, ejecutando o seu trazado paralelamente aos elementos continuos verticais existentes e adaptando a cor da canalización ou do cable á do paramento polo que discorra.

ARTIGO 19. ACOMETIDA DE FORZA

1.—A acometida de forza que forme parte das instalacións de radiocomunicación obxecto desta ordenanza deberá ser común coa do edificio.

2.—Se fose necesaria a instalación dun contador, situarase no recinto de contadores do edificio.

TÍTULO V

LÍMITES DE EXPOSICIÓN ÁS EMISIÓNS RADIOELÉCTRICAS

ARTIGO 20. RESTRICCIÓNS BÁSICAS

E NIVEIS DE REFERENCIA

En cumprimento do disposto no artigo 62 da Lei 11/1998, de 24 de abril, Xeral de Telecomunicacións, e en desenrolo da Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, de acordo coa Resolución do Consello de Ministros de Sanidade da Unión Europea, de 12 de xullo de 1999, e co fin de garantir a axeitada protección da saúde do público en xeral, aplicaranse os límites de exposición que figuran no Anexo II do Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioelétrico.

Os límites establecidos cumpriranse nas zonas nas que poidan permanecer habitualmente as persoas e na exposición ás emisións dos equipos terminais, sen prexuízo do disposto en outras disposicións específicas no ámbito laboral.

ARTIGO 21. DISTANCIAS DE PROTECCIÓN

Para a instalación de equipos de telecomunicacións susceptibles de emitir campos electromagnéticos se terán en conta os artigos contados nesta ordenanza, así como as distancias que se fixan no Anexo II.

Todo punto situado a menos de 100 metros, medidos horizontalmente de calquer parcela onde se ubiquen garderías, escolas de ensinanza infantil e

ciclos obligatorios e residencias sanitarias ou da terceira idade, se consideran Zona de Cautela e en consecuencia prohibese a instalación destes equipos a distancias inferiores e en xeral a calquer outro espazo denominado sensible pola normativa estatal.

ARTIGO 22. OUTRAS RESTRICCIÓNS ÓS NIVEIS DE EMISIÓN RADIOELÉCTRICAS

Sen prexuízo dos límites de exposición contemplados no artigo 6 do Real Decreto 1066/2001 a instalación de estacións radioelétricas virá limitada nos seus niveis de emisión por calquera das seguintes condicións:

- a) A existencia de interferencias perxudiciais ou incompatibles con outros servizos de telecomunicacións previamente autorizados ou con outros servizos públicos esenciais
- b) As limitacións impostas polo Cadro Nacional de Atribución de Frecuencia.
- c) A existencia, fóra da zona de servizo autorizada á estación, de niveis de intensidade de campo electromagnético superiores ós máximos establecidos.

**TÍTULO VI
RESPONSABILIDADE, PROTECCIÓN
AMBIENTAL E DE SEGURIDADE
DAS INSTALACIÓNS**

ARTIGO 23. RESPONSABILIDADE CIVIL

As empresas operadoras presentarán un seguro de responsabilidade civil que cubra de maneira ilimitada posibles afectacións ós bens ou as persoas de acordo as leis vixentes por actos ou omisións, danos e prexucios corporais, materiais e/ou consecuencias causados a terceiros polo exercicio da súa actividade.

ARTIGO 24. PROTECCIÓN FRONTE Á DESCARGAS ELÉCTRICAS

As localizacións das antenas emisoras, emisoras-receptoras e as súas instalacións auxiliares, sexa cal sexa a súa estrutura soporte, estarán protexidas fronte ás descargas de electricidade atmosférica, segundo establece a normativa específica de aplicación.

ARTIGO 25. CONDICIÓNS DE SEGURIDADE DOS COLECTORES

Os colectores destinaranse exclusivamente a albergar o instrumental propio dos equipos de radio-comunicación. Se son visitábeis, disporán dunha porta de acceso de dimensións mínimas de 0,80 por 1,90 metros de altura, que se abrirá no sentido da saída.

Na proximidade dos colectores situaranse extintores portátiles de po polivalente ABC ou de anhídrido carbónico, cunha eficacia que dependerá das características da instalación. Disporase, como mínimo, dun extintor de eficacia 13-A, sen prexuízo da normativa que sexa de aplicación.

ARTIGO 26. SISTEMAS DE REFRIXERACIÓN

A climatización de calquera recinto colector efectuarase de forma que os sistemas de refrigeração se sitúen en lugares non visíbeis e o seu funcionamento se axuste ás prescricións establecidas pola vixente normativa de protección do medio ambiente urbano.

**TÍTULO VI
RÉXIME XURÍDICO DAS LICENCIAS
SOMETIDAS A ESTA ORDENANZA**

**CAPÍTULO I
PROCEDEMENTO**

ARTIGO 27. SUXEIÇÃO A LICENCIA

1.—Consonte o artigo 194 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUPMRG), estará sometida a licenza municipal a instalación con obra, de ser o caso, dos equipos de telecomunicación.

2.—Cando, de acordo co previsto nesta ordenanza, sexa necesaria a presentación previa dun plan de implantación, a licenza municipal para cada instalación individual da rede só se poderá outorgar unha vez presentado o citado plan e sempre que aquela se axuste plenamente ás súas previsións ou ás progresivas actualizacións.

ARTIGO 28. PLAN DE IMPLANTACIÓN

1.—A licenza municipal solicitada polo operador para a instalación de equipos, antenas, estacións base, enlaces vía radio ou calquera outro tipo de instalacións destinadas a prestar o servizo de telefonía móbil, vía radio, estacións emisoras, repetidores, reemisores dos servizos de radiodifusión sonora e televisión en edificios e espazos públicos ou privados, estará suxeita á previa presentación dun Plan de Implantación do conxunto de toda a rede dentro do termo municipal que contemple as estacións fixas xa existentes e as previsións de implantación e desenvolvemento do conxunto de toda a súa rede.

ARTIGO 29. CONTIDO DO PLAN DE IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO

1.—Con carácter xeral:

- a) Esquema xeral da rede, indicando a localización exacta dos principios nodos, cabeceira, enlaces e posibles alternativas.

b) Descripción dos servicios prestados e tecnoloxías utilizadas.

c) Programa e calendario de execución das novas instalacións.

2.—Para cada emprazamento:

a) Disposición do terreo, accesos e suministros.

b) Calificación urbanística do solo, afeccións medioambientais e ó patrimonio histórico-artístico.

c) Posibilidades de uso compartido.

d) Definición da tipoloxía das instalacións para cada emprazamento, mencionando: a justificación da solución técnica proposta, altura do emprazamento, das antenas do sistema radiante, área de cobertura, marxe de frecuencias e potencia de emisión, número e tipo de antenas, así como calquer outro requisito de carácter técnico esixido pola legislación vixente.

e) Previsión das áreas de nova implantación de equipos, xustificando a cobertura territorial prevista.

3.—O plan de implantación presentárase por triplicado no Rexistro Xeral do Concello e deberá acompañarse da pertinente solicitude dos requisitos formais de carácter xeral que determina a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.—As operadoras deberán comunicar calquera modificación ó contido do Plan de Implantación presentado, solicitando, no seu caso, o órgano competente para a súa aprobación a súa actualización e correspondente aprobación para poder proceder a facer efectivos ditos cambios.

ARTIGO 30. TRAMITACIÓN

O Plan de Implantación será sometido a información pública por un término mínimo de un mes, mediante a publicación nos Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial da Provincia, un diario local e no taboleiro de anuncios municipal. Os cargos que xeren estes anuncios correrán a cargo do solicitante.

Na tramitación será preceptivo o informe favorable de quen teña atribuída as competencias urbanísticas e medioambientais do Concello.

A competencia para resolver a petición correspondelle ó Alcalde ou Organo que legalmente teña atribuída a competencia para o otorgamento de licencias de actividade.

A aprobación de este Plan de Implantación será condición indispensable para que se poidan otorgar as licencias pertinentes para o establecemento das instalacións. A concesión dunha licenza municipal

sen a previa aprobación administrativa do Plan será nula de pleno dereito.

ARTIGO 31. CLASIFICACIÓN DE ACTIVIDADES

1.—Para os efectos previstos nesta ordenanza, as actividades nela reguladas clasifícanse en:

— Actividades inocuas.

— Actividades clasificadas.

2.—Son *actividades inocuas* as actuacións que teñen por obxecto a instalación de antenas de telefonía de reducidas dimensións, estacións para usuarios de telefonía fixa con acceso vía radio, colectores de nodos finais de redes de telecomunicacións por cable, antenas receptoras de sinais de radiodifusión sonora e televisión, estacións de radioaficionados, así como a instalación en fachadas de cables ou canalizacións pertencentes a redes de telecomunicacións por cable.

3.—Son *actividades clasificadas* as instalacións de estacións base de telefonía, dos equipos e elementos pertencentes a estacións emisoras, repetidoras, reemisoras dos servicios de radiodifusión sonora e de televisión e as estacións de radioenlaces e radiocomunicacións para uso exclusivo dunha soa entidade.

ARTIGO 32. DISPOSICIÓN PARTICULARES

APLICÁBEIS ÁS ACTIVIDADES CLASIFICADAS

1.—Ademais da documentación requirida con carácter xeral polas normas de procedemento das N.N.S.S. que sexa necesaria e congruente coa natureza e características da instalación de que se trate, requirirase a presentación de proxecto técnico asinado por un técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional no que se inclúa, como mínimo, a seguinte documentación complementaria:

1.1.—Informe de cualificación ambiental que describa con detalle a posíbel incidencia da súa implantación e funcionamento no medio natural exterior e interior das edificacións e construcións do seu contorno, con indicación dos seguintes datos:

Acreditación fidedigna do cumprimento das normas e directrices dictadas polos órganos competentes da Administración do Estado en materia de saúde ambiental. Para estes efectos, achegarase a xustificación da aprobación do proxecto técnico polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

Impactos ambientais producidos por ruídos e vibracións e pola expulsión forzada de aire quente ou viciado.

Impacto visual na paisaxe arquitectónica urbana.

Medidas correctoras que se propoñen adoptar para eliminar os ditos impactos e o grao de eficacia previsto.

Xustificación técnica da posibilidade ou, de ser o caso, imposibilidade de uso compartido de infra-estructuras con outros operadores.

1.2.—Documentación gráfica ilustrativa do impacto visual da instalación desde o nivel da vía pública e xustificativa da localización e da solución de instalación elixidas, na que se inclúan:

a) Fotomontaxes:

Frontal de instalación (cando sexa posíbel).

Lateral dereito: desde a beirarrúa contraria da vía, a 50 m da instalación.

Lateral esquerdo: desde a beirarrúa contraria da vía, a 50 m da instalación.

Se o considerasen procedente os servicios técnicos municipais, deberá achegarse, ademais, simulación gráfica do impacto visual desde a perspectiva da visión do viandante ou desde outros puntos.

b) Plano a escala axeitada, da localización da instalación e do trazado do cableado (a súa situación nos trazados verticais e horizontais), se se realiza a instalación na fachada exterior.

c) Para instalacións situadas en edificios colectivos, acreditación da autorización da comunidade de propietarios.

2.—As licencias para a instalación destes equipos autorizaranse consonte o disposto no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

**ARTIGO 33. DISPOSICIÓN PARTICULARES
APLICÁBEIS ÁS ACTIVIDADES INOCUAS**

1.—Coas solicitudes de licencia relativas ás instalacións definidas como inocuas achegarase a seguinte documentación:

- a) Solicitud en impreso regulamentario.
- b) Memoria descriptiva e xustificativa das obras e instalacións con fotomontaxes e simulación gráfica do impacto visual na paisaxe arquitectónica urbana.
- c) Proxecto técnico e estudio detallado realizado por un técnico competente onde se indiquen os niveis de exposición radioeléctrica en áreas próximas a ela.
- d) Planos a escala axeitada das obras e das instalacións, da localización da instalación na construción ou no edificio e do trazado do cableado, da súa localización en trazados verticais e horizontais, se a instalación proxectada fose realizarse na fachada exterior.
- e) Certificación da acreditación oficial da empresa responsábel das obras e instalacións.
- f) Para instalacións situadas en edificios colectivos, acreditación de autorización da comunidade de propietarios.
- g) Orzamento.

**ARTIGO 34. POSTA EN FUNCIONAMENTO
DAS INSTALACIÓNS**

1.—Con carácter previo á posta en funcionamento das instalacións, os órganos municipais competentes comprobarán que estas se corresponden cos termos autorizados nesta ordenanza.

2.—Para a posta en funcionamento das instalacións será preciso presentar, de ser o caso, a seguinte documentación:

- a) Certificación final de obra expedido pola dirección facultativa e visado para a súa efectividade polos colexios profesionais correspondentes.
- b) Copia da Certificación acreditativa de que as instalacións foron obxecto de inspección técnica ou recoñecemento satisfactorio e foron autorizadas polo órgano administrativo con competencia na materia, cando isto sexa necesario de acordo coa normativa sectorial vixente.
- c) Copia da póliza de responsabilidade civil suscrita polo titular das instalacións segundo o previsto nesta ordenanza.

**CAPÍTULO II
CONSERVACIÓN, RETIRADA E SUBSTITUCIÓN
DE INSTALACIÓNS DE EQUIPOS
DE RADIOCOMUNICACIÓN**

ARTIGO 35. DEBER DE CONSERVACIÓN

Os propietarios das instalacións reguladas nesta ordenanza deberán cumprir os deberes legais de conservación destas, consonte o establecido na legislación urbanística xeral e autonómica, sendo competencia municipal ordenar ao obrigado a execución das obras necesarias para conservarlas nas debidas condicións. De non ser cumprido isto polo requirido, sancionárase de acordo o estipulado nesta Ordenanza. O Concello de Moaña, por razóns de interese público, poderá esixir en calquera momento a modificación da localización das instalacións ou de calquera dos seus elementos, sendo esta modificación obrigatoria para a empresa autorizada, sen que poida reclamar indemnización ningunha por danos, perdas ou custo ningún.

**ARTIGO 36. RETIRADA DE INSTALACIÓNS
OU DALGÚN DOS SEUS ELEMENTOS**

O titular da licencia ou o propietario das instalacións deberá realizar as actuacións necesarias para desmantelar e retirar os equipos de radiocomunicación ou os seus elementos, restaurando ao estado anterior a instalación, terreo, construción ou edificio que sirva de soporte ás ditas instalacións, nos supostos de cese definitivo da actividade ou dos elementos que non se utilicen.

ARTIGO 37. REVISIÓN DAS INSTALACIÓNS

Co obxecto de asegurar a adaptación das instalacións de telefonía móbil ás mellores tecnoloxías existentes en cada momento no que se refire á minimización do impacto visual e ambiental ou á modificación substancial das condicións do medio que fagan necesario reducir este impacto, a licencia urbanística outorgada polo Concello para a instalación de elementos de radiocomunicación determinará a obriga por parte das operadoras de revisar as instalacións transcorrido o prazo de dous anos desde a data da licencia ou da súa última revisión. As entidades colaboradoras da Administración debidamente acreditadas poderán realizar a revisión. Os criterios para esta revisión fundamentaranse na eventual existencia de novas tecnoloxías que fagan posíbel a redución do impacto visual e ambiental, así como comprobar que a instalación se axusta ao autorizado.

CAPÍTULO III**RÉXIME DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE E SANCIONADOR DAS INFRACCIÓNS****ARTIGO 38. PROTECCIÓN DA LEGALIDADE**

1.—As accións ou omisións que contraveñan o disposto nesta ordenanza poderán motivar a adopción das medidas establecidas na normativa vixente para a protección e defensa da legalidade urbanística.

2.—En todo caso, a Administración municipal adoptará as medidas tendentes a repoñer os bens afectados ao estado anterior á produción da situación ilegal.

ARTIGO 39. ORDE DE DESMONTAXE E RETIRADA

1.—As ordes de desmontaxe e retirada das instalacións deberán ser cumpridas polo titular da licencia ou polo propietario das instalacións.

En caso de incumprimento da orde de execución procederáse consonte o establecido no artigo 209.2 da Lei de Urbanización e Potección do Medio Rural de Galicia.

2.—As medidas de execución subsidiaria son independentes e compatíbeis coas que se poidan impoñer en concepto de sanción.

ARTIGO 40. RÉXIME SANCIONADOR

1.—As accións ou omisións que vulneren o disposto nesta ordenanza respecto ás normas urbanísticas sobre localización, instalación e funcionamento dos equipos de radiocomunicación constitúen infraccións urbanísticas que serán sancionadas consonte o establecido na normativa urbanística estatal, autonómica e municipal vixente.

2.—Para as cuestións que afecten ao impacto no medio ambiente, estarase ao previsto na normativa

urbanística de réxime local e medio ambiental que sexa de aplicación.

ARTIGO 41. SUXEITOS RESPONSABEIS

Sen prexuízo do disposto respecto á responsabilidade do deber de retirada das instalacións dos equipos de telecomunicación, serán suxeitos solidariamente responsábeis da comisión das infraccións tipificadas nesta ordenanza:

- a) A empresa instaladora ou a persoa física que dispuxera a colocación da instalación sen a previa licencia ou título habilitante ou con infracción das condicións que nela se estableceran.
- b) O propietario dos equipos de telecomunicación.
- c) O director técnico da instalación.

TÍTULO VII**RÉXIME FISCAL****ARTIGO 42. TAXAS**

1.—As instalacións reguladas nesta ordenanza producirán a obriga de pagar as taxas e os impostos correspondentes da ordenanza fiscal que lle sexa de aplicación.

2.—Igualmente, a execución das instalacións producirá a obriga de pagar o imposto sobre construcións, instalacións e obras establecido na Lei reguladora das facendas locais e na correspondente ordenanza fiscal municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

1.—Todas as instalacións pertencentes a redes de telefonía móbil e telefonía fixa con acceso vía radio, así como as estacións emisoras, repetidores e reemisores dos servizos de radiodifusión sonora e televisión situados no termo municipal de Moaña inscribiranse nun rexistro especial que o Concello de Moaña creará para estes efectos nun prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta Ordenanza.

2.—A inscrición neste rexistro será obrigatoria para o titular da licencia ou propietario das instalacións e deberá conter os datos relativos ao titular da licencia e ás condicións impostas para a autorización da instalación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS*Disposición transitoria primeira*

As instalacións de telecomunicación existentes á entrada en vigor desta ordenanza que non dispoñan da debida autorización municipal deberán solicitar a oportuna licencia de legalización no prazo de DOUS MESES establecido na lexislación urbanística xeral e autonómica de aplicación.

Disposición transitoria segunda

Os titulares das instalacións reguladas nesta ordenanza, establecidas coa debida autorización con anterioridade á data da súa entrada en vigor, serán respectados nos seus dereitos adquiridos, sen prexuízo da obriga que se lles poida impor, de ser o caso, de realizar as adaptacións que cumpran para cumprir cos fins desta ordenanza, polos procedementos nela establecidos, no prazo de SEIS MESES. As instalacións con autorización que incumpran o disposto no artigo 2.2 desta ordenanza deberán modificar a súa situación no prazo máximo de tres meses desde a súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Consonte o establecido nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor aos 15 días da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

A N E X O S
ANEXO I. DEFINICIONES

Para os efectos desta ordenanza, defínense os seguintes conceptos:

Antena: elemento dun sistema de radiocomunicación especialmente deseñado para a transmisión, recepción ou ambas, das ondas radioelétricas.

Central de conmutación: conxunto de equipos destinados a establecer conexións para conmutación de tráfico de voz e datos dun terminal a outro sobre un circuíto de rede.

Certificado de aceptación: resolución pola que se certifica que os equipos, aparatos, dispositivos e sistemas cumpren as especificacións técnicas que lles sexan de aplicación.

Colector: cabina ou armario no interior do cal se sitúan elementos ou equipos pertencentes a unha rede de telecomunicacións.

Estación base de telefonía ou estación base: conxunto de equipos de radiocomunicación, axeitamente situados, que permiten establecer as conexións dunha rede de telefonía nunca área determinada.

Estación emisora: conxunto de equipos e elementos que teñen como función a modulación sobre unha banda portadora de sinais de diversa natureza e a súa transmisión a través de antena.

Estación de telefonía fixa con acceso vía radio: conxunto de equipos destinados a establecer conexión telefónica vía radio coa rede de telefonía fixa dun edificio.

Estación reemisora/repetidora: estación intercalada nun punto medio de transmisión con obxecto de restituír ao seu estado de partida as ondas atenuadas ou deformadas no curso da propagación.

Informe de cualificación ambiental: documento redactado polo equipo técnico competente no que se describe detalladamente a posíbel incidencia da implantación e funcionamento dunha instalación de radiocomunicación das reguladas nesta ordenanza no medio ambiente.

Impacto na paisaxe arquitectónica urbana: alteración visual da paisaxe urbana e, en especial, dos edificios ou elementos que forman parte do patrimonio histórico-artístico.

Microcelda de telefonía: equipo ou conxunto de equipos para a transmisión e a recepción de ondas electromagnéticas dunha rede de telefonía con antenas que, polas súas dimensións, poden situarse por debaixo do nivel das azoteas dos edificios ou construcións, xa sexan nas súas paredes, sobre mobiliario urbano, elementos decorativos, arquitectónicos ou calquera outro espacio urbano.

Radiocomunicación: toda telecomunicación transmitida por medio de ondas radioelétricas.

Recinto colector: habitáculo no interior do cal se sitúan elementos ou equipos pertencentes a unha rede de telecomunicacións.

Rede de telecomunicacións: os sistemas de transmisión e, cando proceda, os equipos de conmutación e demais recursos que permitan a transmisión de sinais entre puntos de terminación definidos mediante cable, ou medios ópticos ou doutra índole.

Sistema de radiocomunicación: conxunto formado polos terminais de radiocomunicación e as redes de radiocomunicacións, no que se distinguen tanto os sistemas de transmisión como os de conmutación.

Telecomunicacións: toda transmisión, emisión ou recepción de signos, sinais, escritos, imaxes, sons ou informacións de calquera natureza por fío, radioelectricidade, medios ópticos ou outros sistemas electromagnéticos.

ANEXO II: DISTANCIAS DE PROTECCIÓN

1.—En calquer zona de uso continuado polas persoas teñen que cumprirse os niveis de referencia fixados no R.D. 1066/2001

2.—Neste Anexo inclúense unhas restriccións adicionais de protección, que son unhas distancias mínimas as antenas para as zonas abertas de uso continuado para as persoas e sin protección de edificacións.

3.—Para potencias radiadas menores de 100 W non hai necesidade de manter ningunha distancia de protección.

4.—Para potencias radiadas de 100 W a 1000 W, teñen que cumprirse unhas distancias na dirección de máxima radiación da antena en forma de paralelepípedo, tal como mostra a figura 1.





Fig. 1

5.—O paralelepípedo será trazado a partir do extremo da antena na dirección de máxima radiación

6.—Non pode haber unha zona aberta de uso continuado para as persoas e sin protección de edificacións que esté dentro deste paralelepípedo.

Para o resto de antenas ou de potencias radiadas superiores aos 1000 W deben cumprir unhas distancias en tódalas direccións tal como mostra a seguinte figura:

Fig. 2



A esfera de protección estará centrada no centro do sistema radiante ou punto central de diversos sistemas radiantes que transmitan dende a mesma torre, en un radio que é función da PIRE máxima global do centro. Non pode haber unha zona aberta de uso continuado para as persoas e sen protección de edificacións que esté dentro desa esfera de protección.

Suma de PIRE	Distancia de Protección
Entre 100 e 1.000 W	10 m
Entre 1.001 e 2.500 W	15 m
Entre 2.501 e 5.000 W	20 m
Entre 5.001 e 10.000 W	25 m
Entre 10.001 e 50.000 W	45 m
Entre 50.001 e 100.000 W	63 m
Entre 100.001 e 250.000 W	90 m
Entre 250.001 e 500.000 W	150 m
Entre 500.001 e 1.000.000 W	200 m
Máis de 1.000.000 W	250 m

Para as instalacións que se ubiquen en centros de telecomunicacións, o calculo da suma das PIRE deberá realizarse polo conxunto dos sistemas radiantes.

Polo que respecta as instalacións de telefonía móbil, nos espazos abertos dos centros sensibles, aplicarase unha distancia engadida de protección con carácter preventivo de catro veces a establecida no anexo mencionado.

Exposición a fontes de múltiples frecuencias

En situacións en que se dea unha exposición simultánea a campos de diferentes frecuencias debe terse en conta a posibilidade de que se sumen os efectos destas exposicións.

Moaña, 11 de xaneiro de 2006.—O Alcalde, Xosé Manuel Millán Otero. **2006000468**

* * *

SANXENXO

A N U N C I O

Aprobado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación do “Servizo de transporte de usuarios/as de actividades do organismo autónomo Terra de Sanxenxo do concello de Sanxenxo”, ponse a información pública polo prazo de 8 días a efectos de reclamacións. Simultaneamente anúnciase a convocatoria de concurso para a contratación do servizo enunciado.

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Terra de Sanxenxo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Sección de Contratación.

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a) Descripción: “Servizo de transporte de usuarios/as de actividades do O.A. Terra de Sanxenxo do concello de Sanxenxo”.
- b) Lugar de execución: Sanxenxo.
- c) Prazo: 18 meses.

3. TRAMITACIÓN, PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Aberto.
- c) Forma: Concurso.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

Importe total: 78.538,00 euros/ano 2006, IVE incluído.

5. GARANTÍAS

- Provisoria: 2% do prezo de licitación.
- Definitiva: 4% do prezo de adxudicación.